

# PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP VILAVERDE-MOURENTE CURSO 23-24



DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 27-11-2018

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 04-12-2018

DATA 1ª REVISIÓN: 22-10-2019

DATA 2ª REVISIÓN:

## ÍNDICE

- 1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.4**
- 2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.8**
- 3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA9**
  - 3.1. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS, REEDUCADORAS E CORRECTORAS9**
    - 3.1.1. Actividades do plan de acollida.10**
    - 3.1.2. Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo - sexual10**
    - 3.1.3. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.11**
    - 3.1.4. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.12**



**3.1.5. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo<sup>13</sup>**

**3.2. ACTUACIÓNS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO, COAS SEGUINTE PREVISIÓNS:<sup>15</sup>**

**3.2.1. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.<sup>15</sup>**

**3.2.2. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.<sup>16</sup>**

**3.2.3. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórllle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.<sup>16</sup>**

**3.3. PROTOCOLO DE ABSENTISMO.<sup>16</sup>**

**3.4. ACTUACIÓNS FORMATIVAS, PARA O PROFESORADO E A COMUNIDADE EDUCATIVA, ESTABLECIDAS NOS PLANS DE CONVIVENCIA.<sup>17</sup>**

**3.5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO<sup>17</sup>**

**3.6. ESTABLECIMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO.<sup>17</sup>**

**3.6.1. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección<sup>17</sup>**

**3.6.2. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección<sup>21</sup>**

**3.6.3. Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado).<sup>23</sup>**

**3.7. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓ DE CONVIVENCIA DO CENTRO<sup>27</sup>**

**3.8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.<sup>27</sup>**

**3.9. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.<sup>29</sup>**

**3.10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.<sup>30</sup>**

**ANEXOS**



## INTRODUCCIÓN

Entendemos que o conflito é inevitable nos ámbitos en que entran en contacto caracteres diferentes, visións diversas e características diferenciais. As persoas vivimos en grupo e interactuamos constantemente, nesas interaccións manifestamos acordos, respecto, consensos... pero tamén discrepancias, incompatibilidades, intereses contrapostos... aí xorden os conflitos.

Os mecanismos de socialización permiten traballar co conflito e aprender del. O conflito debe verse como unha oportunidade para realizar aprendizaxes útiles para a vida e non como un ataque frontal.

O conflito pretendemos velo como unha ocasión para mellorar, para superar a visión do conflito como eliminable por medios simplemente coercitivos. Consideramos que deben existir unhas NOFC que permitan a protección da comunidade escolar, pero tamén son necesarios métodos e propostas educativas que melloren a comunicación e preveñan problemas futuros. O que sucede no centro debe ser entendido como unha oportunidade de aprendizaxe, neste senso pretendemos deseñar este documento.

Coñecer a orixe exacta dun conflito é complexo e indicar unha única causa como orixe resulta simplista e pouco construtivo para resolvelo.

Os conflitos convén sempre resolvelos na súa primeira fase, de xeito que se eviten escaladas e concatenacións que impidan unha solución sinxela. Mais a solución deses conflitos non sempre se pode facer por vía "lexislativa" xa que moitos quedarán larvados e volverán producirse, mesmo con máis virulencia. Isto non quere dicir que non sexa preciso un conxunto de normas que aseguren a coexistencia e que estean baseadas no respecto mutuo.

Un bo clima escolar non elimina o conflito, pero ten maiores posibilidades de canalizalo positivamente. Sen embargo, deberase ter en conta que sobre ese clima inflúen tamén aspectos que non dependen exclusivamente da escola: na sociedade hai intolerancia normativa, sobre os centros existe unha presión curricular que cómpre aliviar e unha falta de recoñecemento ao labor do profesorado que frustra moitas veces a innovación.

Existen conflitos de moitos tipos (persoais, interpersoais, intergrupais...)

Para a realización deste documento, o CEIP Vilaverde parte dunha análise que permita deseñar os plans que mellor promovan unha escola pacífica e democrática.



## **1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA NO CENTRO.**

### **1.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU CONTORNO QUE CONTEXTUALIZAN A INTERVENCIÓN EDUCATIVA.**

O centro está situado na parroquia de Mourente, no concello de Pontevedra, é un centro de dúas liñas en infantil e primaria. As familias que recibe o centro están situadas nun nivel socio-cultural medio e a lingua de comunicación é o castelán. Na meirande parte dos casos traballan os proxenitores.

### **1.2. ASPECTOS DA XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DO CENTRO QUE INFLÚEN NA CONVIVENCIA.**

O centro conta cunhas normas de organización e funcionamento que facilitan unha boa convivencia entre toda a comunidade educativa.

Cabe engadir, en relación ao clima de convivencia, o noso centro non presenta, salvo contadas excepcións, problemas graves de convivencia. Resólvense, como norma xeral, na clase coa intervención do titor ou titora ou do profesor ou profesora da materia, nalgúns casos cóntase coa participación da orientadora ou do equipo directivo. Neste momento non hai casos de absentismo escolar e a resposta dos pais cando xorde algún problema é, en termos xerais, boa, colaborando co centro.

### **1.3. ESTADO DAS RELACIÓNS E DA PARTICIPACIÓN NA VIDA DO CENTRO POR PARTE DO PROFESORADO, DO ALUMNADO, DAS FAMILIAS, DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS E DE ATENCIÓN EDUCATIVA COMPLEMENTARIA ASÍ COMO DOUTRAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DO CONTORNO.**

Descubrimos o estado da convivencia do centro neste apartado, sendo o punto de partida deste a última enquisa de convivencia realizada pola comunidade educativa. A raíz desta facemos unha análise cos resultados.

#### **Aspectos positivos**

##### **- Do Centro**

- Implicación do profesorado.
- Traballo en equipo e coordinado



- Traballo por proxectos, tanto de aula coma de centro nos que participa todo o profesorado e todo o alumnado.
- Trabállase na liña do respecto.
- Desenrolo do Plan Emocional do centro.

#### **-Do Profesorado:**

- Boa relación entre o profesorado, alumnado e familias.
- Traballase dende as titorías ensinándolle ao alumnado a resolución pacífica dos conflitos, dando consellos, traballando as normas de convivencia e os deberes.

#### **-Do Alumnado**

- Son escasos os conflitos graves.
- Está contento e síntese seguro no centro.
- Relaciónase moito co alumnado doutros niveis
- Intenta resolver os conflitos falando entre todos e todas
- Confía no profesorado, escoita os seus consellos e acode a el para a resolución de conflitos.
- Síntese libre para expresar o seu problema ou a súa opinión na clase en presenza do profesorado.

#### **-Das familias**

- Acoden con frecuencia ao centro aínda que non sexan convocadas.
- Manteñen unha comunicación constante co profesorado.
- Non hai absentismo escolar.
- As familias participan no centro e na educación dos seus fillos/fillas.
- Amosan interese polos estudos dos seus fillos/as e fan un seguimento continuado da súa evolución escolar.
- Amosan interese polas condutas dos seus fillos/as.
- Cando teñen un conflito acoden ao centro.
- Escoitan ao profesor e chégase a acordos de actuación.
- Axudan ao profesorado nas súas tarefas.
- Séntense parte da comunidade escolar e están informadas de todos os eventos ou actos que se realizan no centro.

#### **-Do persoal da administración e servizos**

- Implicación do persoal.
- Colaboración.



**Do persoal de atención educativa complementaria**

- Moita colaboración co profesorado e co equipo directivo.
- Implicación no traballo co alumnado que atenden.

**1.4.CONFLITIVIDADE DETECTADA NO CENTRO**

Podemos destacar que no centro danse con máis frecuencia as condutas positivas que as negativas

**Condutas positivas:**

- Respéctase o horario de clase.
- Traballo en grupo.
- Axúdase aos compañeiros e ás compañeiras nas tarefas da clase.
- O alumnado fai as tarefas que se lles mandan.
- Evitan que traten mal aos demais.

**Condutas negativas:**

PERIODICIDADE	SITUACIÓN	IMPLICADOS
Raras veces	Pelexas, comportamentos desafiante.	Alumnado
	Poñer alcumes.	Alumnado
	Dicir mentiras ou rumores sobre alguén	Alumnado
	Deixar de lado a algún compañeiro	Alumnado
	Uso indebido do ordenador	Alumnado
	Substración de material do alumnado ou do centro	Alumnado
Con frecuencia	Insultar	Alumnado
	Desobedecer e non respectar ao profesorado	Alumnado
	Interromper e non deixar dar a clase ao profesorado	Alumnado
	Non cumprir as normas establecidas na aula	Alumnado
	Non coidar a limpeza da aula e do centro	Alumnado
	Competitividade, querer ser os primeiros en todo( principalmente nas entradas, nas saídas, na fila do autobús...)	Alumnado



	Perda de tempo nos baños, nas taquillas, nos cambios de aula	alumnado
--	--	----------

**Espazos e momentos nos que hai problemas de convivencia con máis frecuencia:**

- No recreo
- Durante as clases
- Nos corredores
- Nas filas de entrada e saída no patio.
- Ao entrar e saír da clase
- No transporte escolar
- Nos aseos

**1.5 ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA**

a. Traballo da convivencia dende a prevención:

- Plans de acollida do profesorado, do alumnado novo, do alumnado estranxeiro e das familias .
- PAT: Trabállanse as normas do centro, da aula e dos diferentes espazos como recreo, biblioteca, etc.
- Plan de Atención á Diversidade.

b. Traballo a nivel titorial :

- Normas de aula.
- Dereitos e deberes do alumnado.
- Normas de espazos comúns do centro.
- Aspectos emocionais, habilidades sociais e de resolución pacífica de conflitos.

c. Información e colaboración das familias:

- Divulgación de todos os plans do centro e en especial das normas de convivencia.
- Información e colaboración ante un determinado conflito.

d. Resolución dun conflito

- Falando co profesor en privado.
- Dialogando entre todos e todas para intentar chegar a acordos.
- escoitando os consellos do profesorado.





- Intervención do Departamento de Orientación.
- Implicación das familias na resolución de conflitos.
- Acódesse á vía punitiva cando afectan a danos do material ou faltas de respecto ao profesorado ou ao alumnado.

### **1.6. PROPOSTAS DO CLAUSTRO**

O profesorado entende que para mellorar a convivencia débese:

- Abordar os conflitos dende a prevención.
- Desenvolver con todos os membros da comunidade educativa programas para adquirir habilidades e competencias sociais.
- Favorecer unha maior participación do alumnado na solución de problemas.
- Adscribirse a plans e programas nos que se traballe a convivencia.
- Aplicar rigorosa e sistematicamente as normas de convivencia.
- Traballar as normas de convivencia, os dereitos e os deberes na acción tutorial.
- Introducción de estruturas de mediación.

## **2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.**

1. Sinalar normas xerais no centro que axuden á protección da comunidade educativa en xeral.
2. Facer que as normas sexan coñecidas por toda a comunidade educativa.



3. Traballar as normas particulares de aula de xeito consensuado.
4. Atopar fórmulas que melloren o clima afectivo escolar.
5. Buscar sistemas de resolución de conflitos e de xestión das emocións.
6. Aumentar tarefas que potencien a convivencia escolar, intraniveis, intraniveis e de aula, así como o traballo en equipo. Instaurar pautas que xeren pautas de vida máis acordos cunha convivencia positiva.
7. Prover ao centro de estruturas que permitan ao alumnado expresarse, comentar os seus problemas e dificultades.
8. Procurar espazos e tempos para a reflexión, para pensar con calma, para decidir conxuntamente, para consensuar, etc.
9. Desenvolver programas que permitan abordar as emocións, os valores, as actitudes... pero non programas prefabricados, se non programas baseados nos intereses e vivencias do alumnado
10. Propiciar a coordinación horizontal, vertical e interequipos entre o profesorado de xeito que teña espazos e tempos para intercambios de propostas, de dificultades... e para o seguimento e a avaliación.
11. Fomentar ao redor das celebracións (medioambiente, consumo, paz, igualdade, dereitos...) relacionadas con valores sociais a reflexión.
12. Implicar ás familias no traballo en valores, resolución de conflitos e educación emocional desenvolvido no centro.

### **3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA**

Tentando seguir unha orde temporal no desenvolvemento das mesmas o centro comprométese coas seguintes:

#### **3.1. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS, REEDUCADORAS E CORRECTORAS**



### 3.1.1. Actividades do plan de acollida.

Permiten dar a coñecer o ámbito no que traballaremos e propiciar a adaptación e consenso daqueles aspectos sobre os que sexa apropiado consensuar. Así pois, o centro ten deseñados e recollidos no seu Plan de Acción Titorial os seguintes:

- *Plan de acollida do profesorado no centro.* Con el preténdese dar a coñecer o centro, as súas características metodolóxicas e organizativas, os documentos, as tarefas así como as características xerais do alumnado co que se traballará. O plan desenvolverase conxuntamente entre o equipo de nivel, equipo directivo e xefa do departamento de orientación, terá varias fases.
- *Plan de acollida de familias novas no centro.* O plan recollerá o recibimento de novas familias ao comezo da escolaridade das súas fillas e dos seus fillos, tamén a acollida de familias en calquera momento en que se produza o inicio da escolaridade no centro das nenas e dos nenos. Desenvolverase conxuntamente por equipo directivo, departamento de orientación e profesorado titor.
- *Plan de acollida e/ou adaptación do alumnado no centro.* Haberá plans de acollida e/ou adaptación que se desenvolverán principalmente polo profesorado titor e tamén plans a desenvolver polo profesorado especialista. Nestes plans recolleranse como puntos fundamentais a construción de grupo/equipo, a elaboración de normas de aula consensuadas (as normas na aula deberán ser consensuadas en asembleas con seguimento periódico do cumprimento e as correspondentes correccións), o poñer en coñecemento as normas xerais de centro, a estruturación da aula, o coñecemento do traballo e organización do horario escolar, etc.
- *Plan de acollida do alumnado estranxeiro.* Haberá un plan de acollida que se desenvolverá polo profesorado titor, equipo directivo e xefa do departamento de orientación. O obxectivo será facilitar a acollida, a integración social e educativa do alumnado inmigrante e atender as súas necesidades educativas e persoais.

Estes plans serán revisados anualmente polo profesorado (unha vez rematada a fase da súa implementación), facendo chegar as propostas á CCP de xeito que se introduzan as melloras, ampliacións, recursos e modificacións que sexan necesarias para o seu correcto funcionamento.

### 3.1.2. Actividades que incorporen aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo - sexual.



DESTINATARIOS	PROCEDEMENTO	RESPONSABLES
Alumnado e familias	<p><b>Actividades destinadas a traballar autoconcepto, autoestima e educación afectivo-sexual:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• “A maleta”, desenvolvida durante o período de acollida. O alumnado expón ao resto dos compañeiros e das compañeiras os gustos e intereses persoais.</li> <li>• Confección do libro “Eu son” no que o alumnado traballa como é, características, cualidades, diferenzas.</li> <li>• Lecturas de contos para traballar autoafirmación, as cualidades e a educación afectivo-sexual.</li> <li>• Introducción á sexualidade a través de lecturas e presentacións para o alumnado de 5º de EP.</li> <li>• Empréstimo de libros sobre educación afectivo-sexual para alumnado e familias de 6º de EP.</li> <li>• Buzón de preguntas para alumnado de 5º e 6º de EP. Responderanse na hora de titoría.</li> <li>• D.O. redacta folletos sobre autoestima para entregar ás familias.</li> <li>• Colaboración con servizos sociais e con outras entidades como a Fundación Meniños para traballar diversas temáticas relacionadas coa familia e afectividade.</li> <li>• Blog do centro de valores <b>nonacoses.com</b> no que se proporcionan recursos relacionados con diversas temáticas.</li> <li>• Exposición de libros na biblioteca do centro por temática.</li> </ul>	<p>Todo o profesorado</p> <p>Titores e titoras</p> <p>Departamento de orientación</p>

**3.1.3. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.**

DESTINATARIOS	PROCEDEMENTO	RESPONSABLES
---------------	--------------	--------------



Alumnado e familias	<p><b>Actividades de sensibilización da igualdade de homes e mulleres</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Día Internacional contra a Violencia de Xénero.</li> <li>● Visibilización da muller nos proxectos de aula e de centro.</li> <li>● Folletos sobre xogos e xoguetes non sexistas na campaña de Nadal.</li> <li>● Actividades día da Paz.</li> <li>● Lectura de contos que traballen a igualdade e as emocións.</li> <li>● Exposición permanente sobre o papel da muller en diferentes ámbitos da sociedade.</li> <li>● 8 de marzo, Día Internacional da Muller.</li> <li>● Vídeos, cartelería...</li> <li>● Fomento de linguaxe non sexista en documentos, cartelería...</li> <li>● Incorporación de recursos relacionados coa temática ao blog de valores do centro <b>nonacoses.com</b></li> <li>● Exposicións temáticas na biblioteca do centro.</li> </ul>	<p>Todo o profesorado</p> <p>Departamento de orientación.</p>
---------------------	---	---

**3.1.4. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.**

DESTINATARIOS	PROCEDEMENTO	RESPONSABLES
Alumnado e familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Charlas impartidas por diferentes asociacións e institucións.</li> <li>● Día Internacional da Muller.</li> <li>● Actividades do día da Paz .</li> <li>● Recollida de novas</li> <li>● Realización de debuxos, carteis, murais...</li> </ul>	<p>Persoal de asociacións</p> <p>Todo o profesorado</p> <p>Departamento de Orientación</p>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Vídeos.</li> <li>• Empréstimo de libros dende o Departamento de Orientación, dende a biblioteca, ETC.</li> <li>• Recursos no blog da biblioteca do centro destinados ás familias.</li> <li>• Recursos no blog de valores <b><i>nonacoses.com</i></b>.</li> </ul>	
--	---	--

**3.1.5. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo**

DESTINATARIOS	PROCEDEMENTO	RESPONSABLES
Alumnado	A) Hora de titoría co alumnado. B) Recreos inclusivos. C) Estruturas de mediación.	Persoal de asociacións  Todo o profesorado  Departamento de Orientación

A continuación, detállanse os procedementos indicados na táboa anterior.

**A) Hora de titoría co alumnado:**

O profesorado debe contar cun tempo co alumnado que lle permita a mellora académica e de convivencia. A acción titorial ten unha importancia enorme nos procesos de aprendizaxe e nas relacións interpersoais. Cómpre reorganizar a idea de titoría de cara á mellora do clima escolar. Esa titoría co alumnado deberá fomentar o desenvolvemento de actitudes de participación e solidariedade, así como axudar na mediación de conflitos, mellorar a cohesión do grupo e o coñecemento e autoconñecemento, facilitar a adquisición de habilidades sociais e persoais e facer seguimento do cumprimento das normas.

Cómpre, pois, establecer espazos e tempos concretos no que estes labores se desenvolverán co grupo de alumnado, e tamén de coordinación no deseño das actividades necesarias co equipo de nivel e co Departamento de Orientación.

O profesorado titor ademais de ter rol de docente dunha ou varias áreas, debe ter un rol de atención e axuda ao grupo. Para que esa axuda sexa eficaz debe estar dirixida a todo o grupo, ser sistemática e estar situada nun espazo e nun tempo concreto.



*Programas a tratar nas sesións de tutoría:*

- Caixa de suxestións e queixas, para que o alumnado de forma anónima poida queixarse ou facer suxestións, estará situada nun lugar visible do edificio de aulas.
- Identidade de xénero e identidade sexual.
- Prevención do acoso.
- Uso de internet e móbiles.
- Resolución pacífica de conflitos.
- Educación emocional. Expresión das emocións:
  - Coñecementos das emocións
  - Autocoñecemento
  - Autocontrol e xestión das emocións
- Programa de habilidades sociais e persoais:
  - Amizades
  - Timidez
  - Hiperprotagonismo
  - Asertividade
  - Respecto
  - Traballo en equipo
  - Rabietas, frustración
  - Competitividade vs cooperación
  - Aprender a esperar

Será a tutoría quen decida en que día e en que momento se impartirá esta sesión. Sería preferible impartila despois do recreo.

**B) Patios dinámicos e inclusivos:**

Con esta estrutura o alumnado maior axuda ao máis pequeno e ao alumnado de neae a participar nos diferentes xogos propostos para a hora de lecer.

Ademais, organízanse varias zonas de xogo polas que pasarán as diferentes clases ó longo da semana seguindo unhas quendas establecidas. En cada zona haberá xogos específicos e material que o alumnado responsable de cada clase debe repartir e recoller. Isto potencia a autonomía, a axuda e a responsabilidade. Tamén se promoverá a creación de grupos mixtos de xogo co fin de promover a igualdade entre nenas e nenos.

**C) Estruturas de mediación:**



A mediación é unha táctica baseada na contemporización dunha persoa (neutral) para resolver conflitos establecendo a comunicación e o respecto entre as partes. A persoa mediadora colabora na busca de solucións para acadar un compromiso que permita resolver o conflito.

*Na aula.* Grupos de 2/3 mediadores e mediadoras que poden rotar. A formación farase durante o período de acollida por parte do titor ou titora.

### **3.2.ACTUACIÓNS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO, COAS SEGUINTE PREVISIÓNS:**

#### **3.2.1. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.**

- Potenciar o funcionamento da Comisión da Convivencia do centro.
- Solicitar o apoio e o asesoramento do Departamento de Orientación ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nas labores titoriais.
- Difusión á comunidade educativa na reunión de inicio de curso e a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das NOFC.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Impulsar nas programacións o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia cidadá e a competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Divulgar orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención entre o profesorado, alumnado e familias.
- Protocolos de información ante unha situación de acoso.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de queixas e suxestións, etc.
- Vixilancia en zonas comúns: corredores, recreos, entradas e saídas... Propiciar que calquera conduta molesta sexa comunicada ao profesorado de garda para que poida intervir.
- Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.





- Elaboración de orientación e establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos.
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro...
- Formación de familias: pautas para prever o acoso e outras formas de violencia dende a familia, a través de folletos proporcionados polo DO.
- Formación do alumnado, técnicas de resolución pacífica de conflitos.
- Elaboración de orientación e establecemento de programas formativos dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa, coa intención de prever e actuar ante situacións de ciberacoso.
- Formación ao alumnado: potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ter coidado cos datos persoais, onde aparecen e a quen se proporcionan; non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos; (Plan Director da Convivencia)

### **3.2.2. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.**

- *Hora de tutoría* para fomentar no alumnado a cohesión de grupo e axudar na resolución de conflitos.
- Caixa de queixas e suxestións, canle para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade.
- *Acceso ao profesorado e á orientadora* durante o período de recreo se é necesario.

### **3.2.3. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.**

O centro tomará como referencia o **Protocolo Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.**

### **3.3. PROTOCOLO DE ABSENTISMO.**

Tomaremos como referencia os seguintes protocolos:

- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Programa de absentismo escolar dos centros educativos do Concello de Pontevedra.



(ANEXO: modelos de centro incluídos no protocolo para previr absentismo e impuntualidade.)

### **3.4. ACTUACIÓNS FORMATIVAS, PARA O PROFESORADO E A COMUNIDADE EDUCATIVA, ESTABLECIDAS NOS PLANS DE CONVIVENCIA.**

Todo o profesorado do centro participa no programa CPInclúe nas modalidades Iguála-T e Emocióna-T.

Ademáis, parte do profesorado do centro participará durante o curso 2023-2024 nun PFPP dentro do Itinerario de Inclusión Educativa. O obxectivo deste programa é formar ao profesorado en modelos educativos que garantan a presenza, participación, progreso e acceso ás aprendizaxes de todo o alumnado tanto no contexto do proceso de ensinanza e aprendizaxe como no contexto das relacións sociais. En concreto, dito PFPP centrarase en ofrecer medidas inclusivas e recursos cos que poder atender a alumnado con hipoacusia.

### **3.5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO**

(Ver documento correspondente)

### **3.6. ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO.**

Seguindo o establecido no Título III, Capítulo I do decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a lei 4/2011 da convivencia escolar.

#### **3.6.1. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección**

De acordo co capítulo III do decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 da convivencia son condutas leves contrarias á convivencia as seguintes:

- Condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa
- Actos de discriminación contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, ideoloxía, discapacidade...
- Actos de indisciplina e desafío á autoridade do profesorado e persoal do centro.



- Danos ocasionados ás instalacións ou materiais do centro, así como os danos ocasionados ao material dos membros da comunidade educativa, así como as subtraccións.
  - Os actos inxustificadas que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro incluídas as complementarias e extraescolares.
  - As actuacións prexudiciais para a saúde e integridade dos membros da comunidade educativa.
  - Portar calquera obxecto, substancia ou produto prohibido expresamente polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou do resto de membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. Neste caso o centro prohibe traer xoguetes, maquiñas, mecheiros, navallas, cúters, móbiles, gravadoras, cámaras, etc. (se non son requiridos especificamente para algunha actividade didáctica polo profesorado) e tamén calquera produto líquido ou sólido non apto para o consumo/uso a estas idades.
  - A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade segundo o plan de prevención da impuntualidade e absentismo deseñado no centro.
  - A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases, solicitándose ao alumnado progresiva autonomía de acordo coa idade.
- As seguintes condutas tipificadas como faltas leves nas normas de convivencia do CEIP Vilaverde:
- Interrupción das clases con chistes, movementos esaxerados, berros, chamadas continuadas de atención, risas descontroladas e a destempo, entradas e saídas descontroladas, barullos...
  - A linguaxe groseira ou soez.
  - Molestar ás compañeiras e aos compañeiros impedíndolles traballar e atender correctamente con charlas fóra de lugar, falas constantes innecesarias para o traballo do grupo, movemento dos materiais, risas, burlas, non contribución ao traballo grupal, non responsabilizarse ante as tarefas e roles de equipo que lle correspondan...
  - Non devolución do material emprestado a tempo ou devolución do material en mal estado.



- Saídas e entradas descontroladas polo corredor, derrapes, carreiras coas mochilas nas instalacións educativas, baixar polas escaleiras arrastrando mochilas,... actos sen control que poidan danar a integridade doutras persoas.
- Uso inadecuado dos servizos de transporte, comedor e hixiene do centro, tanto con condutas inadecuadas que danen a terceiras persoas ou impliquen ofensa ou indisciplina como con condutas que estraguen o material.
- Condutas inadecuadas e contrarias ás normas do centro nos patios (uso de xogos e materiais non adecuados, condutas de indisciplina, permanencia fóra dos lugares sinalados para o xogo no nivel, ofensa e illamento de compañeiras e compañeiros,...). As normas do colexio son para cumprir dentro do recinto escolar en todo momento, mesmo fóra do horario lectivo.
- Condutas non apropiadas nas saídas complementarias e extraescolares tales como: indisciplina, portar materiais non autorizados, incumplir as normas dadas con anterioridade para a saída concreta,... Non respectar as normas do centro e as do propio lugar onde van.
- Saír do recinto escolar ou dos espazos indicados para unha actividade sen autorización do profesorado.
- Entrar e saír do recinto escolar con ou sen acompañamento familiar polos portalóns non autorizados.
- Incumprimento das normas do centro en calquera actividade celebrada no recinto escolar aínda que sexa en horario non lectivo.
- Uso inadecuado de móbiles, portátiles e outros dispositivos cando se requiran para actividades educativas, entrar en páxinas non indicadas ou prohibidas expresamente polo profesorado, tirar fotos ou imaxes non autorizadas, gravar conversas non solicitadas...
- Non entregar ou falsear as notificacións que o centro remite ás súas familias tanto soltas como as que se escriben en axenda.
- Non tomar nota na axenda das tarefas e recados que se lle indican cada sesión.
- Non respectar ou destruír o traballo alleo ou do grupo.
- A suplantación da familia asinando notas na axenda, non entregar a axenda con notificacións do colexio, arrincar follas con anotacións e mensaxes do profesorado ás familias... A subtracción de parte de incidencias ou de páxinas do mesmo.
- Negarse a realizar as tarefas indicadas.



- Vir reiteradamente sen as tarefas indicadas para as sesións ou destruír fichas, materiais... que se lle remiten a casa para realizar, repasar ou completar.

As faltas contrarias á convivencia recolleranse no parte de incidencias (especialistas), anecdotarios e/ou ficha da titoría do alumnado.

De acordo coa devandita normativa **considéranse correccións** adecuadas para estas faltas as seguintes:

- Amoestación privada oral.
- Amoestación por escrito
- Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.
- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- Traslado a un grupo dun nivel inferior con tarefa deseñada polo profesor ou pola profesora.
- “Tempo fóra”. En circunstancias excepcionais e se así o acordan a titora ou o titor e a xefatura de estudos, un alumno ou alumna poderá sacarse da súa aula a outra zona e estar acompañado de profesorado de garda realizando tarefa deseñada polo seu profesor ou profesora.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- Realización , en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar en saídas educativas, actividades complementarias e extraescolares do centro por un período de ata dúas semanas.
- Suspensión da actividade extraescolar, complementaria ou saída ou interrupción da mesma con regreso ao centro educativo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos.
- Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.
- Reposición do material deteriorado

As medidas a estas condutas leves contrarias á convivencia **poderá aplicalas**:

- O profesorado do alumnado, dando conta á xefatura de estudos.
- A titora ou o titor do alumnado, dando conta á xefatura de estudos.
- A xefatura de estudos, a dirección do centro (oído o alumnado, profesorado e persoa titora do alumnado).



- A dirección do centro oído o alumnado, profesorado e persoa titora do alumnado) cando se trate de suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro.

Ao alumnado ao que se lle apliquen as medidas de suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos ou suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos as persoas proxenitoras ou representantes legais poderán amosar o seu desacordo coa aplicación, no prazo de dous días lectivos mediante escrito dirixido á dirección do centro, que despois de valorar as alegacións, ratificará ou rectificará a medida correctora. Esta resolución será inmediatamente executiva.

### **3.6.2. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección**

De acordo co capítulo II do decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 da convivencia son condutas graves contrarias á convivencia as seguintes:

- As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación ou identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal do colexio que constitúan unha indisciplina grave



- A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte ao establecido no artigo 28 da lei 4/2011.
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave á resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- A reiteración nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- Incumprimento das sancións impostas.

Poderanse ter en conta como atenuantes a idade do alumnado, a súa capacidade para discernir o que está ben ou mal, as circunstancias concretas que poida afectar ao alumnado nese momento (familiares, sociais, escolares, da propia actividade).

De acordo coa devandita normativa **considéranse correccións** adecuadas para estas faltas as seguintes:

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado, deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.



- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do seu proceso educativo.
- Cambio de centro (que terá carácter excepcional e non poderá impoñerse ao alumnado que curse o ensino obrigatorio se na localidade onde se sitúa o centro non exista outro centro que imparta as ensinanzas que curse. O cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia).

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso terán cualificación de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e **levarán asociadas as medidas correctoras** de suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes coa realización de deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo ou cambio de centro.

As medidas a estas condutas graves contrarias á convivencia **poderá aplicalas:**

- A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector.

O alumnado ao que se lle aplicou unha medida correctora poderá ser readmitido nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na conduta (deberá consignar por escrito no expediente as razóns ou motivos que lle permitiron apreciar ese cambio).

### 3.6.3. Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado).

Desenvolvemento dos procedementos **conciliado e común:**

A dirección convoca á persoa instrutora e ás persoas afectadas a unha xuntanza.

- Cando non sexa posible un procedemento conciliado.

- A persoa instrutora lembra á spersoas afectadas que se está a levar a cabo un procedemento conciliado e que as declaración realizadas formarán parte do expediente do procedemento corrector.

- Designarase instrutora de acordo coas características indicadas no NOF\*\*





— A persoainstrutora valorará a conduta e as consecuencias, propondrá medidas e dará a palabra ás persoas afectadas. Poderá haber unha persoa mediadora designada segundo criterios do NOF\*

— Formulará proposta de resolución, dará audiencia á familia ou representante legal do alumnado e expedirase Acta segundo modelo no NOF.

— Acordarase a medida correctora e quedará constancia escrita dela

— A dirección ditará resolución vista a proposta da persoainstrutora. Notificará por escrito á familia ou representante legal do alumnado e remitiráa á xefatura territorial (poderá ser revisada a resolución polo consello escolar).

— O acordó ratificarase pola dirección do centro.

— As correccións impostas por este procedemento serán inmediatamente executivas.

— De non haber acordo ou de non cumprirse as medidas correctoras, pasarase a procedemento común.

— Poderanse suspender as medidas correctivas se se asina un compromiso pola convivencia, o procedemento deste compromiso recóllese no

Para desenvolver o procedemento corrector de condutas utilizaremos os modelos “procedemento corrector: modelos normalizados” adaptados ás leis 39/2015 e 40/2015

### 3.6.4. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN NOS SERVIZOS DE COMEDOR, PLAN MADRUGA, TRANSPORTE E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DESEÑADAS POLA ANPA

#### No transporte:

As normas que ao incumprirse darán lugar a faltas contra a convivencia son:

- Non empurrarse para acceder.
- Non portar obxectos perigosos e/ou non permitidos no centro.
- Non quitar os sitios doutras persoas ou pelexarse por colocarse nun determinado lugar.
- Non insultar, agredir, humillar, golpear, etc.
- Non faltar ao respecto ou desobedecer as indicacións da persoa condutora ou axudante.
- Non facer xestos inadecuados cara ás persoas viandantes.
- Non levantarse dos asentos co bus en marcha.



- Usar a parada que corresponda tanto para subir como para baixar.
- Non retrasarse indebidamente cando se trate de marchar no transporte escolar.

Cando algunha destas normas se incumpra poderase suspender o dereito ao uso do transporte ata dúas semanas.

Aplicarán as medidas as persoas responsables (persoa condutora e acompañante). Será a dirección do centro, comunicándollo ao Servizo de transporte da Xunta e á inspección, quen tomará a decisión e de ser condutas reiteradas ou moi graves poderá solicitar opinión do consello escolar para a adopción de medidas extraordinarias.

### **No comedor e Plan madruga**

Normas contrarias á convivencia no comedor e Plan Madruga:

- Non manter un correcto comportamento na mesa e uns hábitos adecuados.
- Non manter as medidas hixiénicas de lavado de mans e cepillado de dentes con progresiva autonomía.
- Non respectar as indicacións das persoas monitoras.
- Non respectar as normas do centro durante este horario.
- Amosar continuas rabechas e rexeitamento ás comidas.
- Amosar ton de voz e condutas impropias dun comedor
- Amosar agresividade, insultos, rexeitamentos a outras nenas e outros nenos que acoden a estes servizos.
- Estragar os alimentos e utensilios que se atopen no espazo do comedor e os outros espazos do centro usados no tempo deste servizo.

Cando algunha destas normas se incumpra poderase suspender o dereito ao uso deste servizo ata dúas semanas.

Aplicarán as medidas as persoas responsables deste servizo, cando sexan reiteradas trasladarase o problema á dirección e á ANPA para tomar medidas conxuntas. De ser condutas reiteradas ou moi graves poderá solicitar opinión do consello escolar para a adopción de medidas extraordinarias.

### **Nas actividades extraescolares xestionada pola ANPA:**

Normas contrarias á convivencia son:

- Incumprir as normas de centro.



- Incumprir as normas propias de cada actividade.
- Acceder a outros espazos do centro non autorizados e diferentes aos da actividade.
- Estragar o material do centro ou os proporcionados pola propia actividade ou instalacións.
- Non atender ás indicacións das persoas que dirixen a actividade.

Cando algunha destas normas se incumpra poderase suspender o dereito ao uso deste servizo ata dúas semanas.

Aplicarán as medidas as persoas responsables da actividade (monitoras ou monitores e ANPA), cando sexan reiteradas trasladarase o problema á ANPA e de ser preciso ao Consello escolar para tomar medidas conxuntas. De ser condutas reiteradas ou moi graves poderase solicitar opinión do consello escolar para a adopción de medidas extraordinarias.

### **3.7. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.**

#### **3.7.1 Composición**

A comisión de convivencia do centro estará constituída por:

- Directora
- Xefa de Estudos
- 1 representantes do profesorado
- 1 representante dos pais/nai
- 1 representante do persoal non docente
- A orientadora do centro

#### **3.7.2 Funcións**

A comisión de convivencia exercerá segundo se recolle no artigo 6.4, por delegación do consello escolar, as seguintes funcións:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.



- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia.

### **3.7.3 Periodicidade**

Reunirse ao principio e ao remate do curso e cantas veces sexa necesario.

## **3.8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.**

### **2.8.1. Coordinación interna no centro**

1. Coordinación nas programacións didácticas levadas a cabo polo profesorado. A principio de curso, prográmanse reunións entre o profesorado para a elaboración das programacións didácticas.

2. Reunións do profesorado do centro co Departamento de Orientación: a principio de curso realízase unha reunión do profesorado coa Orientadora para coñecer os datos do alumnado correspondente. Ademais, durante o curso establécense reunións co D.O. cando o requira o profesorado.

3. Reunións de coordinación do profesorado do nivel: realízanse semanalmente.



4. Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). A CCP reúne frecuentemente para coordinar os aspectos pedagóxicos do centro.

5. Reunións do equipo de actividades extraescolares, Tics, Biblioteca e dinamización lingüística: Estes equipos reúnen para coordinar todo tipo de actividades a desenvolver no centro.

6. Reunións do Equipo directivo co persoal non docente: Periodicamente realízase reunión do equipo directivo para concretar aspectos de mellora do centro.

7. Reunións e claustros do profesorado: realízanse periodicamente para coordinar distintos aspectos do centro.

### **3.8.2. Coas familias**

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que “Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado ...” e que estas recibirán “... información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros”. En consecuencia, para dar contido a esa colaboración, establécense as seguintes accións:

1. Establecemento de visitas titoriais os martes en horario de 16 a 17.00h .
2. Mantemento dunha reunión tutorial xeral obrigatoria no primeiro trimestre. Determinación dos contidos mínimos a tratar nesas reunións, sendo estes os seguintes:
  - Información básica sobre o modelo educativo que preside o PEC.
  - Información sobre o calendario escolar.
  - Aclaración da liña metodolóxica usada na aula e sobre aspectos como: materiais necesarios, contidos a traballar, actividades de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación, actividades de reforzo e de ampliación, apoios e RE, criterios de promoción, nivel de colaboración familiar, a información ás familias, etc.
  - Información dos principais aspectos das NOFC e da PXA, en concreto: estrutura organizativa, horarios de cada clase e criterios usados, horas de titoría e/ou atención ás familias, actividades complementarias e extraescolares, control da asistencia e xustificación das faltas, normas de convivencia, etc.



- Información sobre os programas do departamento de orientación e outros para atender a diversidade.

3. Comisións de familias (biblioteca e patio) .O que se pretende é que a través deste club as familias participen na vida do centro, colaborando na realización de actividades a través da biblioteca e o Vilaxogos, e tamén participando na elaboración de materiais, acondicionamento de espazos, decoración de rincóns, contacontos, obradoiros...

### 3.8.3.Coa ANPA

Periodicamente reúnese o equipo directivo coa ANPA do centro para coordinar actividades a desenvolver no centro.

### 3.8.4.Con outros centros educativos

A directora, en representación do centro, reúnese coas direccións dos outros CEIPs de Pontevedra e a Orientadora co IES adscrito para tratar diferentes temas.

A coordinación con profesorado doutros centros levarase a cabo no CEIP Vilaverde para o que se intentará buscar un horario axeitado.

### 3.8.5.Con organismos da contorna

**Concello de Pontevedra:** existe unha reunión co Servizo de Normalización Lingüística para presentar as actividades deste servizo.

**Outros organismos** (servizos sociais, sanitarios, asistenciais...) O centro colabora cos servizos sociais e con outras entidades como a Fundación Meniños na atención a alumnado do noso centro.

**Outros organismos** (Policía...): O centro realizará, en colaboración con estes organismos, diferentes programas encamiñados a mellorar a convivencia: Plan Director de Convivencia Escolar (Policía Nacional, Garda Civil, SEPRONA)...

**Con asociacións e organizacións** especializadas no tratamento de alumnado con neae e que asinaron convenio coa consellería. Teremos como referencia o documento redactado no CEIP Vilaverde e que figura no anexo.

## 3.9. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.



Dende o centro facilitarase a difusión deste plan de convivencia a toda a comunidade educativa:

- Nas reunións de inicio de curso coas familias.
- Na carpeta dixital que ao inicio de curso se entrega ao profesorado.
- Na páxina web do centro.

### **3.10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

1. Control e análise das condutas leves e gravemente prexudiciais para a convivencia: En todos os cursos escolares realizarase, por parte do equipo directivo e a Comisión de Convivencia, un control e seguimento das condutas leves e gravemente prexudiciais para a convivencia do centro. Os datos recollidos serán estudados e analizadas as súas causas e posibles prevencións na comisión de convivencia.

2. Enquisa anual a todos os membros da comunidade educativa para coñecer o grado de satisfacción da comunidade en relación á convivencia do centro. Propostas de mellora.

3. Buzón de suxestións na entrada do centro.

4. Análise trimestral por parte da Comisión de Convivencia do cumprimento e seguimento do presente plan de Convivencia.

5. Elaboración por parte da Comisión de Convivencia da memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos extraídos dos puntos anteriores, con propostas de mellora. A memoria formará parte da memoria anual do centro e será informado o Consello Escolar.



## ANEXOS

### ANEXOS

- Modelos de intervención no protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015  
<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>
- Modelos de centro incluídos no protocolo para previr absentismo e impuntualidade.
- Modelos normalizados. Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015 (outubro 2015)  
<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>
- Procedemento corrector, orientacións  
[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/procedemento\\_corrector\\_orientacions\\_v.2.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/procedemento_corrector_orientacions_v.2.pdf)





## A TER PRESENTE NAS COLABORACIÓNS CON ASOCIACIÓNS E ORGANIZACIÓNS ESPECIALIZADAS NO TRATAMENTO DE ALUMNADO CON NEAE E QUE ASINARON CONVENIO COA CONSELLERÍA

Coa finalidade de sumar esforzos no que se refire á atención ao alumnado de neae, O CEIP VILAVERDE, contempla a posibilidade de colaboración con entidades que asinaron convenio coa Consellería.

As e os profesionais da Asociación poderán poñer os seus coñecementos a disposición do centro docente, prestando servizos de asesoramento cando se requiran, **sempre no ámbito da inclusión**.

Os termos específicos da colaboración (dentro do marco asinado pola Consellería) serán establecidos polo CEIP Vilaverde, tendo en conta a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión do mesmo. Terase presente o seguinte:

- A actuación das e dos profesionais das asociacións rexeranse polo principio de coordinación e colaboración entre todas as persoas que atendan ao alumnado, determinarase **conxuntamente** os termos desa colaboración
- O traballo rexerase polo **principio de inclusión** do alumnado nas tarefas e vida da aula; todo o que sexa necesario realizar fóra da aula farase no organismo correspondente e fóra do horario escolar.
- De haber estancia e/ou apoio no centro destas e destes profesionais, deberán:
  - seguir as normas de funcionamento dos apoios no colexio (dentro de aula).
  - adaptarse á metodoloxía xeral de traballo do centro (proxectos, traballo en equipo cooperativo, tarefas multinivel).
  - seguir as directrices da titoría, xefatura de estudo e departamento de orientación sobre a organización das tarefas e centros de interese a traballar.
  - o centro, na etapa de acollida da ou do profesional correspondente, indicará as normas básicas de funcionamento, corrección de condutas, actuación, etc.



- as reunións coas asociacións externas que traballan con alumnado de n.e.a.e. terán lugar no noso centro.

No CEIP Vilaverde, a necesidade ou non dese apoio, decidírase seguindo o proceso seguinte:

1. Xuntanza do profesorado que imparte docencia a ese alumnado para ver a necesidade e determinar en que aspectos concretos se precisa colaboración
2. Organización dese apoio co equipo directivo e o departamento de orientación
3. Xuntanza de coordinación co organismo para busca de horarios coa **antelación suficiente**, que permita coordinar adecuadamente todos os recursos persoais e materiais do centro.

O centro educativo determinará o cese da colaboración cando considere que non é necesaria ou non se axusta aos termos establecidos.

As e os profesionais dos organismos correspondentes presentarán **un informe** sinxelo oral e /ou escrito sobre o traballo desenvolvido e a evolución que se arquivará co resto dos informes avaliativos dese alumnado no departamento de orientación do centro.

CEIP VILAVERDE, 2023